



Concello de Boiro

Sras/Sres CONCELEIRAS/OS

EXPEDIENTE PLN/2019/16

NOTIFICACIÓN DA CONVOCATORIA DE SESIÓN PLENARIA ORDINARIA

Por medio desta comunicación notifícolle que o Sr. alcalde ditou no día de hoxe a resolución que ten o seguinte contido:

"LOGO DE VER os procedementos concluídos a disposición da Alcaldía (artigo 81.1.2) do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e artigo 3.2.A) do Real Decreto 128/2018 de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional).

Visto que a realización das sesións plenarias ordinarias está fixada para o segundo xoves de cada mes, segundo o acordo adoptado a este respecto polo Pleno da Corporación na sesión do 12/07/2019.

E a resolución núm. 18/2020 ditada por esta Alcaldía o 07/01/2020, de aprazamento da sesión ordinaria deste mes para o día 16/01/2020.

TENDO EN CONTA o disposto nos artigos 78, 79 e 80 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, con esta data RESOLVO:

PRIMEIRO. CONVOCAR unha sesión ORDINARIA do Pleno do Concello para o **XOVES 16 de XANEIRO de 2020, ás 20:00 horas a 1ª convocatoria** (a 2ª convocatoria á mesma hora dous días hábiles despois), no salón de plenos da Casa do Concello coa seguinte ORDE DO DÍA:

A) Parte resolutiva.

- 1.- Aprobación da proposta de convenio de colaboración coa Xunta de Galicia para a convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios para o acceso á escala básica, categoría de policía, do corpo da Policía Local (Expediente 4104/2019).
- 2.- Moción presentada polo grupo municipal de Boiro Novo/Mixto o 05/12/2019 (NRE 13104) para a instalación de puntos de recarga para vehículos eléctricos.
- 3.- Moción presentada polo grupo municipal do BNG o 16/12/2019 (NRE 13530) sobre a adopción de medidas para a conservación das praias.
- 4.- Moción presentada polo grupo municipal do PP o 16/12/2019 (NRE 13531) para instar ó presidente do goberno en funcións a que non se leve a cabo ningún acordo que vulnere o establecido na nosa carta magna e resto do ordenamento xurídico español.

Concello de Boiro

Praza de Galicia, s/n, Boiro. 15930 (A Coruña). Tfno. 981844800. Fax: 981844008

Severino Abalo Chouza (1 para 1)
Secretario accidental
Data de Sinatura: 13/01/2020
HASH: 1174235fe5e6796331ecd419786a66



Cod. Validación: ADX6RSR2AMDDEEAF5AK8LEVM | Corrección: https://boiro.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2



Concello de Boiro

5.- Moción presentada polo grupo municipal do PP o 16/12/2019 (NRE 13532) en relación co proxecto de reforma da lexislación de costas.

6.- Moción presentada polo grupo municipal de Boiro Novo/Mixto o 19/12/2019 (NRE 13641) para a adopción de medidas de flexibilización dos pagos a persoas afectadas pola regularización catastral.

7.- Proposta remitida pola Mancomunidade de Municipios Arousa Norte o 20/12/2019 para solicitar a dotación dunha ambulancia medicalizada do 061 con base no Hospital do Barbanza.

B) Actividade de control.

B.1.- Toma de coñecemento de resolucións da Alcaldía.

C) Mocións de urxencia.

D) Rogos e preguntas."

A partir deste momento tén á súa disposición os antecedentes dos asuntos da orde do día na Secretaría xeral do concello.

Boiro, na data que consta na marxe deste documento.
Severino Abalo Chouza (secretario accidental).

Concello de Boiro

Praza de Galicia, s/n, Boiro. 15930 (A Coruña). Tfno. 981844800. Fax: 981844008



Cod. Validación: ADX6RRS2AMDDENRRAK9LEYM | Corrección: <https://boiro.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2